

## NOTA DE PRENSA

# Unha fotografía que ispe os anos do ser humano gaña o Premio de creatividade do Grupo Cuevas

## A ourensá Inma Vilanova, gañadora de Novos Talentos

O coruñés Fernando Fernández Páez foi designado gañador do *Gran premio Ignacio de las Cuevas de creatividade artística*, dotado con 5.000€, polo retrato “O instante”, unha fotografía analóxica de 1,37 x 1,10 na que mostra en branco e negro a nudez dunha muller madura. A *Mención Especial Abanca Novos Talentos*, dotada con 2.500 euros, foi adxudicada á ourensá Inma Vilanova, pola sorprendente fotografía titulada “Saba”, un termo traducido do xaponés que reproduce o efecto inimitable que produce a pátina do tempo nas cousas, neste caso a través dun vaso de cervexa. As obras dos gañadores serán expostas nas principais cidades galegas, xunto a outros 34 traballos finalistas que foron destacados polo xurado de entre as 107 obras que participaron.

Ata 18 técnicas distintas foron utilizadas polos artistas presentados ao certame de creatividade artística convocado polo Grupo Cuevas para celebrar o seu 150 aniversario e que propoñía, como temática principal, abrir unha gran reflexión sobre a relatividade do tempo. A gran maioría das obras recibidas chegaron vía online, remitidas por creadores de toda Galicia, cunha destacada representación de autores de Pontevedra, Ourense e A Coruña.

O xurado encargado de elixir os gañadores, e que declarou deserta a *Mención especial Grupo Cuevas*, dotada con 2.500 euros, por entender que ningunha das obras cumpría as expectativas neste apartado, estivo presidido por César Taboada, director da Escola de Arte e Superior de Deseño de Ourense; Jaime Conde, presidente da Asociación Creatividade Galega e profesor no Máster en Estratexia Dixital, Márketing Online e Comunicación 2.0 de IFFE Business School; Antonio Suárez, artista e deseñador gráfico; e Artur Yuste, Director Xeral do Grupo Cuevas.

As obras gañadoras e finalistas serán expostas en *La Molinera* a partir do próximo día 19 de xuño. Posteriormente, formarán parte dunha exposición itinerante que permitirá mostrar as obras en espazos urbanos das principais cidades galegas, entre xullo e setembro, pechando o percorrido novamente en Ourense.

O presidente do xurado, César Taboada, manifestou que sempre é “moi complexo” seleccionar entre as achegas de artistas, pero máis aínda nunha época na que asimilan todas as técnicas visuais, distintos soportes e habilidades técnicas, “aínda que non hai límites para a expresión plástica”. Taboada eloxia a “xenerosa” iniciativa do Grupo Cuevas “nuns momentos nos que a arte recibe moi poucos estímulos”, e conclúe que a convocatoria “ nos permitiu comprobar

que a capacidade creativa en Galicia mantén unha forza extraordinaria”.

O xurado, que tomou as súas decisións por unanimidade, viuse sorprendido pola riqueza expresiva das obras presentadas e “por tanto esforzo concentrado en captar e mostrar as pegadas do envellecemento a través do que nos rodea, das persoas ou dos obxectos cotiáns”.

Pola súa banda, Artur Yuste, Director Xeral do Grupo Cuevas, sinalou que se cumpriron os obxectivos de “crear un retrato de Galicia a través da creatividade e a inmersión no tempo”, e ao mesmo tempo “dar visibilidade ao mundo das artes plásticas en tempos nos que resulta tan difícil chegar a súa sensibilidade e poder gozar do seu talento”.

#### **IMAXE ADXUNTA**

Xúntase imaxe do xurado do Concurso Ignacio de las Cuevas de Creatividade Artística. De esquerda a dereita: Jaime Conde, presidente de Creatividade Galega; Artur Yuste, Director Xeral do Grupo Cuevas; César Taboada, director da Escuela de Arte e Superior de Deseño Antonio Faílde; e Antonio Suárez, artista e deseñador gráfico.